

ÉPOCA DE ENTREGUERRAS (1919-1939)

ENUNCIADOS das preguntas e dos documentos

Os Rexímenes totalitarios na Europa de Entreguerras.

1. Crise das democracias.
2. Os fascismos: características e exemplos significativos.
3. A Italia fascista e o nazismo alemán.


1.CRISE DAS DEMOCRACIAS.

Comenza cunha breve introdución explicando como ao remate da Iª Guerra Mundial en 1918, e ao mesmo tempo que triunfaba a Revolución rusa, na maioría dos países participantes no conflito instauráronse rexímenes democráticos.

Segue coas causas da crise, relacionadas cos graves problemas económicos e políticos que incrementaron a conflitividade en Europa entre 1919-1939. As ditaduras mostraban a debilidade das democracias en Europa.

Explica cales foron as respostas das democracias e das ditaduras (unha visión xeral e clara)..

Remata cunha reflexión ou conclusión de como estos rexímenes totalitarios serían maioritarios en gran parte de Europa durante os anos 30.



Introdución

A Primeira Guerra Mundial rematou coa derrota dos imperios alemán, austrohúngaro e turco; salvo na URSS; as democracias¹ parecían consolidarse tras o conflito.

Pero a firma dos Tratados de Paz (o de Versalles e cuestión das indemnizacións alemanas), o temor suscitado entre a burguesía conservadora polo éxito da Revolución Soviética, así como as consecuencias da crise de 1929, impediron o fortalecemento das democracias e alentaron o auxe dos totalitarismos.

No período de Entreguerras (1919-1939), democracia liberal quedou desacreditada tras a crise de 1929, fronte aos totalitarismos (o comunismo, triunfante na URSS, e o nazi-fascista) en expansión.

Problemas de posguerra

En gran parte dos países, xeneralizouse a exaltación nacionalista, nuns casos pola vitoria obtida, noutros polo pago das reparacións, ou a desilusión polo conseguido e as disputas territoriais. A patria pasou a ser o máis importante, de ahí a necesidade de desprestixiar aos inimigos ou aos sistemas democráticos débiles e incapaces de manter a gloria nacional.

Alemaña, de forma especial, sufriu unha forte crise económica durante posguerra, agravada polas exorbitantes reparacións impostas polos vencedores cuxas consecuencias crearon unha situación favorable para a radicalización.

Italia, non conseguiu as aspiracións territoriais e políticas que anhelaba como país vencedor na Primeira Guerra Mundial, sumándoselle unha forte crise económica e social que favoreceu o ascenso ao poder do fascismo (1922) con Mussolini²

Cambios no sistema parlamentario

Tras a IGM, os dereitos políticos extendéronse, caso do sufraxio universal, tanto masculino como feminino; apareceron os partidos de masas, multiplicándose o número de grupos con representación parlamentaria de ahí que ante a dificultade de lograr amplas maiorías, fose necesario recurrir ás coalicións (alianzas) como a Fronte Popular de esquerdas (Francia, España).

A burguesía conservadora, incapaz de adaptarse á nova situación, durante os anos vinte e trinta, optou pola vía autoritaria e violenta que ofrecían os partidos de fascistas como fórmula para remediar a progresiva perda da súa influencia económica, social e política.

¹ Recollíanse por primeira vez o sufraxio (voto) universal masculino e feminino, melloras laborais como a xornada de 8 horas, protección fronte a enfermidade e velez, etc.

² O primeiro dos totalitarios en impoñerse ante as débiles democracias.

Ruptura do equilibrio de poderes e xeneralización das accións extraparlamentarias

Ante os problemas económicos e políticos de Entreguerras, o poder Executivo acaparaou funcións, ocasionando con iso conflitos que favorecían a aparición de novas forzas políticas antiparlamentarias como os fascismos e comunismo que buscaban a conquista do poder e a transformación total do sistema.

Ditadura

Réxime político non democrático na que o poder está concentrado nas mans dunha soa persoa ou grupo que o utiliza arbitrariamente, sen limitarse á lei. Non hai división de poderes, liberdades individuais e dereitos; réxime de partido único e sen eleccións libres.

Sindicatos e empresarios pasaron a ter un protagonismo maior xunto cos militares que pasaron a ser o garante da estabilidade e a ter un papel destacado na vida pública. Polo que, as clases medias³, temerosas ante a crecente axitación social, aproximáronse ou afiliáronse a grupos radicais de extrema dereita.

Repercusións da crise de 1929

Esta tivo especial relevancia en países como Alemaña⁴ debido á dependencia da súa economía respecto á estadounidense, o que creou un ambiente de hostilidade cara a república democrática de Weimar, culpabilizándoa da súa situación. Aproveitándose o Partido Nazi (NSDAP) para atraer aos que demandaban orde e seguridade económica.

Xeneralización do extremismo político

A vida política radicalizouse e un trazo común de moitos gobernos era a intransixencia.

³ Unha importante proporción dos integrantes dos partidos de carácter fascista saíron das filas da pequena burguesía.

⁴ Co descenso da produción industrial, a ruína dos bancos, o afundimento dos salarios, o alto aumento do desemprego.

2. OS FASCISMOS: CARACTERÍSTICAS E EXEMPLOS SIGNIFICATIVOS

- 2.1. Introducción: Aclaración de conceptos (ditadura, totalitarismo, fascismo e neofascismo).
- 2.2. Causas do aux e desenvolvemento dos fascismos.
- 2.3. Características comúns do fascismo.


Comenza coas causas, **segue** coa contextualización e características, **e remata** coas consecuencias (unha nova guerra).

Neste apartado, convén que **teñas moi claros**, tanto o contexto xeral e as características xerais dos fascismos, e os conceptos de ditadura e réxime totalitario (fin da UD).

As causas do aux e desenvolvemento dos fascismos na época de Entreguerras, están relacionadas coa crise económica, social e política da época e que podemos resumir nos seguintes puntos:

- A creación durante a I GM, dunha ideoloxía ultraconservadora e ultranacionalista por parte de moito dos excombatentes.
- O estoupido e o medo á difusión das ideas da Revolución Rusa
- A crise de 1929, que afectou tanto á economía capitalista como aos sistemas democráticos e favoreceu o aux dos partidos antidemocráticos.
- Aspectos ideolóxicos e culturais nados tanto durante a IGM como sobre todo na época de entreguerras: revanchismo, desilusión, humillación, nacionalismo exacerbado, etc

Pero, que entendemos por **fascismo**?



Fascismo

Da palabra “*fascio*”, símbolo romano de poder. As fasces romanas estaban compostas por un feixe de bastóns de madeira amarrados entre si por un cinto de coiro entre a que sobresaía un machada.

Nun sentido estricto o fascismo foi o rexime político en Italia con Mussolini de 1922 a 1943, baseado na existencia dunha ditadura unipersoal, na presenza dun partido único de masas, na exaltación nacionalista e na organización dun Estado corporativo; **nun sentido máis amplo**, os movementos extremistas de dereita como a Alemaña nazi e toda a Europa ocupada por esta, o franquismo, etc; e por último coloquialmente toda actitude autoritaria, violenta e ditatorial.



Características comúns dos sistemas fascistas

1. Omnipotencia do Estado, fronte aos dereitos individuais, todo o poder está no Estado representado a través do líder único.
2. Antidemocráticos, negan o sufraxio universal, as institucións democráticas como o Parlamento libremente elixido ou os partidos políticos (só existirá un partido, o fascista ou o nazi). Pero non dubidan en utilizalos ao seu favor se lles convén ou para acadar os seus obxectivos.
3. Recoñecen a desigualdade entre os individuos, e supremacía das élites (dos mellores ou máis dotados). Ex, antisemitismo.
4. Existencia dun líder carismático (Führer, Duce, Caudillo).
5. Control ideolóxico e cultural coa utilización da propaganda, dos novos medios de comunicación, dunha ríxida censura, da xuventude, da arte, etc.
6. Xustificación da violencia institucionalizada como forma de eliminar á oposición. Ex. Gestapo ou SS alemanas.
7. Autarquía e dirixismo económico contando co apoio do gran capital.
8. Expansionismo ultranacionalista como medio de solucionar os seus problemas internos e acadar prestixio co medio ou ameaza exterior. Ex, espazo vital

3. A ITALIA FASCISTA E O NAZISMO ALEMÁN.

3.1. A ITALIA FASCISTA

Comenza sinalando (brevemente) en que contexto aparecen os fascios e o Partido Nacional Fascista e aportando algún trazo xeral da figura de Mussolini. **Continúa** sinalando como Mussolini tomou o poder, e como foi desmantelando toda oposición, e a democracia en xeral, tanto con medidas legais como con actos violentos.

Aporta breves trazos da súa política exterior, baseada no expansionismo, tanto de territorios próximos a Italia como en África, e nas alianzas coa Alemaña nazi de Hitler.

Remata co fin de Mussolini e do fascismo entre 1943 e 1945.

3.1.1. Oríxenes: Mussolini e a creación do fascismo en Italia.

3.1.2. O ascenso do fascismo ao poder.

3.1.3. Organización do Estado fascista.

3.1.4. Política exterior e fin do fascismo.

O fascismo xurdíu en Italia e, liderado por Mussolini, dominou o país entre 1922 a 1943. A súa influencia nos movementos autoritarios de Europa foi moi importante, e os seus principios adoptados polas ditaduras da época.

Benito Mussolini, (1883-1945) antes da súa chegada ao poder foi mestre, xornalista⁵ e exmilitante do Partido Socialista Italiano⁶, creou en 1919 en Milán o grupo de carácter paramilitar os “*Fasci dei Combattimento*” (fascios italianos de combate), grupo paramilitar, de ideoloxía ultranacionalista, anticomunista e antiliberal, cuxos membros lucían uniformes de cor negra. De aí xurdiría en 1921 o Partido Nacional Fascista.

Os fascios estaban formados por mebrs de moi variada condición que mediante a acción violenta sobre todos os demócratas italianos, logrou alcanzar o poder en 1922.

⁵ No xornal “Il Popolo”, que el mesmo fundara en 1914.

⁶ Desde 1900 ata 1914, data en que foi expulsado por defender a entrada de Italia na guerra, fronte ao neutralidade do partido.

Entre os factores que facilitaron o **ASCENSO** ao poder do fascismo:

Dentro do bando vencedor da IGM, Italia víuse afectada por toda unha serie de problemas económicos (paro e inflación, diferencias norte e sur, etc), sociais (axitación dos sectores máis radicais do movemento obreiro e medo da clases medias e alta burguesía), e políticos (o nacionalismo italiano queixábase dunha “*vitoria mutilada*”) que deron lugar a unha forte conflitividade e propiciaron o descrédito do sistema parlamentario liberal do que se aproveitou Mussolini.

Na CONQUISTA do poder, os fascistas empregaron dúas estratexias simultáneas para acceder ao poder: a parlamentaria (gañando número de parlamentarios) e unha intensa e contundente actividade nas rúas entre 1921 e 1922.

O ano 1922 foi clave. O 27 de outubro, realizaron unha ***Marcha sobre Roma***, para forzar o establecemento dun Goberno dirixido por Mussolini. O 30 de outubro, o rei Víctor Manuel III nomeou a Mussolini xefe do Goberno. En novembro, recibiu do Parlamento plenos poderes. E de 1924 a 1925, a través da violencia (como o asasinato do socialista Matteoti), os fascistas tomaron o control de todas as institucións do Estado. Mussolini estableceu unha ditadura.

Respecto á **ORGANIZACIÓN** do Estado fascista, o poder recaía basicamente en Mussolini: este era xefe do Goberno, do Partido Fascista e Duce dos italianos, que non tiña que rendir contas ao Parlamento.

Todos os demais partidos políticos e sindicatos foron considerados ilegais, a oposición eliminada e xeneralizouse a censura en todos os aspectos (educación, administración, etc).

No económico, o fascismo desenvolveu un sistema económico calificado de corporativismo: “unha terceira vía” entre o capitalismo (defensor da iniciativa privada) e o socialismo (propietario dos medios de produción) quedando así as empresas privadas quedaron baixo a supervisión do Estado, e todos os obxectivos económicos estaban marcados por este nas chamadas “batallas⁷”. A autarquía foi o medio fundamental para conseguilo sobre todo despois da crise de 1929.

⁷ Batallas: plans económicos para estimular a produción e reducir a dependencia económica do exterior. Por exemplo, a do trigo, ou a dos nacementos.

POLÍTICA EXTERIOR E FIN DO FASCISMO: A política exterior italiana baseouse no irredentismo⁸, e o expansionismo en África oriental (Libia, Abisinia). A entrada na II GM como aliada de Alemania “Eixe Roma-Berlín” e as derrotas causaron a caída do réxime de Mussolini en 1943 (este foi encarcerado) e a súa execución en 1945.

3.2. A ALEMAÑA NAZI

Comenza sempre coa contextualización de como e cando se creou o Partido Obreiro Alemán Nacionalsocialista (Nazi), quen era Hitler e como tomou contacto co Partido. **Insiste** no peso da derrota e humillación alemana no Tratado de Versalles (1919) como argumento do nazismo e Hitler; e na crise de 1929 como un factor que acelerou a súa chegada ao poder).

Continúa coa violenta chegada de Hitler ao poder en 1933, feitos máis significativos e características. **Amplia co** recollido no cadro anterior de características xerais.

Remata, co desenlace dun novo conflito, a II GM.

3.2.1. Introducción e oríxenes.

3.2.2. O ascenso ao poder.

3.2.3. O Estado Nazi.

3.2.4. Caída.

A chegada ao poder de Hitler en 1933, a través dunhas eleccións, rematou coa democracia da República de Weimar⁹ e a imposición dun **Estado totalitario de 1933 a 1945**. A chegada ao poder do nazismo tivo amplas repercusións internacionais e conduciu á II GM.

Totalitarismo

Réxime político non democrático, caracterizado pola intervención e presenza do Estado en todas as ordes da vida económica e social e no control das liberdades, e a eliminación dos partidos políticos.

Para manterse no poder emprega o terror sobre a poboación, eliminando calquera tipo de opinión distinta á oficial, para iso sévese normalmente da policía e do exército.

⁸ Irredentismo: do italiano irredento, ‘territorio perdido’. Un movemento e corrente política que reclama a incorporación de territorios que pertencen a outro país por motivos étnicos, culturais, históricos, etc.

⁹ República de Weimar: localidade na que se aprobou a nova constitución alemá en 1919.

O nazismo está asociado á figura de **Adolf Hitler** (1889-1945). Nacido en Austria, non logrou entrar na Academia de Belas Artes de Viena, trasladándose posteriormente a Alemaña (Munich) coincidindo co comezo da I GM, enrolándose no exército alemá.

Responsabilizou da derrota alemá aos políticos socialistas, comunistas e aos xudeus; e considerou o Tratado de Versalles como unha humillación “diktat”.

ORÍXENES do nazismo: En 1919 Hitler afiliouse ao Partido dos Traballadores Alemáns que en 1920 adoptou o nome de ***Partido Nacionalsocialista dos Traballadores (NSDAP)***, máis coñecido por **"Partido Nazi"**.

A crise económica e social alemá nos **primeiros anos 20** fixo aumentar o número de afiliados nazis, incorporándose ao partido figuras como Goering e Rudolf Hess.

En 1923, coincidindo coa invasión franco-belga da rexión alemá do Ruhr, e a posterior hiperinflación que a que afundiou a economía alemá, Hitler para intentou conquistar o poder no chamado **"Putsch de Munich"** (golpe de estado) o 8 de novembro de 1923 e cunha manifestación o 9 de novembro. Pero o golpe fracasou e Hitler foi xulgado e condenado a 5 anos de cárcere (só cumpriría 9 meses).

Durante esa estancia en prisión escribiu o **"Mein kampf"** (A miña loita), publicado en 1925, onde expresaba os fundamentos da súa ideoloxía: profundo antisemitismo, desprezo da democracia, exaltación da raza aria e desprezo das razas consideradas inferiores, subordinación do individuo ao Estado. As ideas do espazo vital e do racismo representan unha particularidade do nazismo.

Espazo vital

Recuperación e necesaria expansión naqueles territorios nos que existise poboación alemá.

Racismo

Defensor da diferenza de razas e da desigualdade humana concretada na idea de superioridade da raza aria e no odio aos xudeos, xitanos, enfermos mentais, etc.

O fracaso do Putsch de Munich levou a Hitler á convicción de que para conquistar o poder debía facelo desde a legalidade, é dicir, a través da vía parlamentaria.

O **ASCENSO ao poder** do nazismo foi unha clara consecuencia da crise de 1929, unha crise tanto económica como política e social que levou avitoria electoral do nazismo en 1932 e ao nomeamento de Hitler como chanceler en 1933 desencadeándose unha violenta campaña electoral que levou ao **incendio do Reichstag** (febreiro de 1933) por orde dos propios nazis, aínda que se acusou aos comunistas do feito.

ESTADO NAZI: Unha vez no poder, Hitler asumíu todos os poderes, disolvendo todos os demais partidos políticos (excepto o nazi) e sindicatos. Incluso o propio partido nazi sufríu un proceso de depuración que levou ao asasinato de membros das SA, foi a coñecida como **“Noite dos coitelos longos”** (30/06/1934). En agosto, Hitler pasaba a ser o Führer como xefe do Estado e do Goberno ao que todo alemá debía obediencia absoluta. **Comenzaba o Terceiro Reich** no que podemos destacar os seguintes trazos básicos:

- Ríxido control da poboación alemá coa axuda da Gestapo¹⁰ ou policía secreta en todos os aspectos da vida pública e privada dos alemáns que foron encadrados en diferentes organizacións de carácter nazi.
- Os xudeos víronse privados de toda liberdade coas **Leis de Nuremberg** (15/09/1935), aumentando e radicalizándose as persecucións contra eles **“Noite dos cristais rotos”** (9/10/1938); e xa na II GM miles de xudeos foron exterminados e enviados a campos de concentración coa Solución Final (1942).
- No económico, o nazismo cun marcado control da economía, buscou a autosuficiencia ou autarquía, a través do control estatal de prezos e salarios, inversión en obras públicas, e rearme. Con estas medidas, o nazismo logrou o descenso do número de parados, pero a economía alemá necesitaba novos mercados e materias primas. A saída foi a guerra.

CAÍDA DO NAZISMO: para moitos o inicio da caída do Terceiro Reich estaría na Operación Barba Vermella (22/06/1941) na que Hitler pretendía avanzar cara o leste e ocupar a URSS; a derrota alemá en Stalingrado (2/02/1943) permitíu o avance das tropas soviéticas cara o Oeste e a ocupación de Alemaña polos aliados, os rusos polo leste e norteamericanos polo oeste e o final da II GM o 8/05/1945, poucos días antes, Hitler e a súa dona, Eva Braun suicidáronse no seu búnker en Berlín.

¹⁰ Gestapo: Policía política do réxime nazi, que tomou o poder en Alemaña desde 1933 ata 1945. O seu obxectivo era perseguir calquera tipo de oposición ou disidencia política ao nazismo. Fundada por Göring e dirixida a partir de 1934 por Heinrich Himmler, xefe das SS.